



CRITERIOS DE ELABORACIÓN E CORRECCIÓN DO TERCEIRO EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO PARA O INGRESO POR QUENDA LIBRE NA ESCALA TÉCNICA, SUBESCALA I+D (OTRI) DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA, CONVOCADO POR RESOLUCIÓN DO 12 DE XUÑO DE 2024 (DOG 24 DE XUÑO DE 2024)

O tribunal do proceso selectivo para o ingreso na escala técnica, subescala I+D(OTRI), convocado por resolución do 12 de xuño de 2024 (DOG 24 de xuño de 2024), acorda utilizar os seguintes criterios para a elaboración e corrección do terceiro exercicio consistente na realización de dous supostos prácticos, a elixir entre catro do bloque específico:

CRITERIOS DE ELABORACIÓN

Co fin de garantir o anonimato nesta proba, o Tribunal entregará a cada candidato/a un bolígrafo para responder aos supostos prácticos formulados.

CRITERIOS DE CORRECCIÓN:

Un. COÑECEMENTO TÉCNICO DA MATERIA

Os elementos a ter en conta neste punto serán:

- Dominio do temario. Precisión e profundidade nos coñecementos. Uso correcto de terminoloxía técnica. Valorarase especialmente a inclusión de referencias legais das respostas formuladas.
- Claridade e precisión conceptual. Uso correcto da terminoloxía xurídica ou técnica.

Dous. CONCRECIÓN E CAPACIDADE DE ANÁLISE SINTÉTICO

Os elementos a ter en conta serán:

- Adecuación ao contido solicitado. Responder exactamente ao que se pide no enunciado. Non desviarse do tema.
- Identificación do problema: Capacidade para detectar os puntos clave do suposto.
- Proposta de solucións: Ofrecer solucións adecuadas e ben fundamentadas.
- Resolución lóxica e argumentada.



- Capacidade de análise e síntese. Habilidade para estruturar a información, destacar o relevante e relacionar conceptos.
- Organización. Disposición lóxica das ideas, introdución, desenvolvemento e conclusión claros.
- Coherencia interna. Que as diferentes partes do texto teñan sentido e conéctense entre si.

Tres. CLARIDADE EXPOSITIVA E CUMPRIMENTO DAS NORMAS ORTOGRÁFICAS

Os elementos a ter en conta serán:

- Claridade e fluidez: Redacción clara, comprensible, sen ambigüidades e fácil de ler.
- Boa ortografía, gramática e puntuación. Ausencia de faltas de ortografía, erros gramaticais ou de puntuación.
- Ausencia de tachóns excesivos.

A Coruña, na data da sinatura electrónica

A presidenta do tribunal

Ana Lozano del Río